



“PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2020-2021

ANEXO V

DATOS DO CENTRO

CÓDIGO	DENOMINACIÓN
36014994	EEI CONCEPCIÓN CRESPO RIVAS
ENDEREZO	CP
PASEO VALLE INCLÁN S/N	36001
TEÉFONO	MAIL
886151611	eei.crespo.rivas@edu.xunta.gal

MEMBROS DO EQUIPO COVID

ANA MALVAR CORTIZO	amalvar@edu.xunta.gal	Coordinadora
ANA M ^o AMOEIRO ESPAÑA	anaamoeiro@edu.xunta.gal	Secretaría
MARÍA MARTÍN -ESPERANZA	mariamartin-esperanza@edu.xunta.gal	Subcoordinadora

CANLE DE COMUNICACIÓN

Teléfono equipo Covid-666179257

INCIDENCIAS COVID- WHATSAPP

CENTRO DE SAÚDE DE REFERENCIA//

AMBULATORIO VIRXE PEREGRINA	
PERSOAS DE CONTACTO	TELÉFONOS
DRA ROSA PÉREZ	986 85 27 99
DRA ANA CARNICERO	

NORMAS BÁSICAS

ALUMNADO E PERSOAL DO CENTRO	
REALIZO AUTOENQUIZA E TOMA DE TEMPERATURA ANTES DE SAÍR DA CASA.	<u>SE TEÑO SÍNTOMAS OU FEBRE:</u> <ul style="list-style-type: none">- NON ACUDO A ESCOLA.- CHAMO AO MEU CENTRO DE SAÚDE.- AVISO AO WHATSAPP DO EQUIPO COVID

PERSOAL DO CENTRO

PERSOAL DOCENTE	18
PERSOAL NON DOCENTE	3

CADRO ALUMNADO

CURSO	GRUPO	Nº ALUMNOS	AULA
4º	A	75	1
4º	B	75	9
4º	C	75	4
5º	A	75	2
5º	B	75	8
5º	C	75	6
6º	A	75	7
6º	B	75	3
6º	C	75	5

ZOA DE ILLAMENTO

Habilitase o Despacho de Dirección como espazo específico de uso individual no centro para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado. Este espazo ten ventilación adecuada, xel hidroalcohólico, papeleira de pedal e panos desbotables, luvas e bolsas de lixo.

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	6
2. OBXECTIVOS	6
3. PRICIPIOS BÁSICOS DE PREVENCIÓN	7
3.1 – LIMITACIÓN DE CONTACTOS	7
3.2 – MEDIDAS DE PREVENCIÓN INDIVIDUAL	8
3.3 – LIMPEZA, DESINFECCIÓN E VENTILACIÓN	10
3.3.1- LIMPEZA	10
3.3.2- VENTILACIÓN	12
3.3.3- XESTIÓN DE RESIDUOS	12
3.3.4 – MATERIAL DE PREVENCIÓN	13
3.4 - CATELERÍA E SILALÉCTICA.	14
4. XESTIÓN DOS CASOS.	15
4.1- XESTIÓN DE ABROCHOS	20
4.2 – ESCENARIOS NO SUPOSTO DE ABROCHOS	21
4.3 – MEDIDAS QUE AFECTAN AS CONDICIÓNS LABORAIS.	22

5. MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO	23
5.1- EQUIPO COVID	23
5.2- DETERMINACIÓN DE GRUPOS ESTABLES	26
5.3- HORARIOS	28
5.3.1 ENTRADAS E SAÍDAS	28
5.3.2- MEDIDAS ESPECIAIS RECREO	31
5.3.3- USO DOS BAÑOS	32
5.3.4- MERENDAS	33
5.4- ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS DA ESCOLA	34
5.5- MEDIDAS EN RELACIÓN AO PROFESORADO	35
5.6 – MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS	36
5.7- MEDIDAS EN RELACIÓM COAS ANPAS	37
6. INFORMACIÓN E DISTRIBUCIÓN DO PLAN	38
7. MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO	38
ANEXOS	40

1. INTRODUCCIÓN

O dereito á educación e o dereito á protección da infancia serán a prioridade do noso plan de adaptación. Adoptaremos unha serie **de medidas de prevención e hixiene** fronte a COVID-19 que podan **garantir un asistencia a nosa Escola segura e saudable, sen esquecer os principios educativos da etapa infantil**, garantindo unha educación de calidade para todo o noso alumnado. Deseñando unha escola que garanta o benestar físico, mental e social.

O presente Plan modificarase segundo circunstancias tanto das epidemiolóxicas como as organizativas obrigando isto a constante revisión , valorándose todas as medidas.

2. OBXECTIVOS

1. Crear unha contorna escolar saudable e segura a través de medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde adaptadas a nosa Escola.
2. Posibilitar a detección precoz de casos e a xestión adecuada das mesmas a través do plan.
3. Cumprir os obxectivos educativos e de sociabilidade, que favorezan o desenvolvemento óptimo do noso alumnado.
4. Desenvolver a adquisición de habilidades, para a saúde, o benestar.
5. implementar actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde fronte a COVID-19, para facer o noso alumnado axentes activos na mellora da saúde.
6. Acoller ao alumnado sobre todo aqueles con situacións de maior vulnerabilidade emocional e social.
7. Facilitar a integración do alumnado de 3 anos e as súas familias.
8. Facer participes do plan a todos os membros da comunidade educativa para poder lograr todos estes obxectivos.

3. PRINCIPIOS BÁSICOS DE PREVENCIÓN.

3.1. LIMITACIÓN DE CONTACTOS

1. De forma xeral, manterase unha distancia interpersonal de polo menos **1,5 metros** nas interaccións entre as persoas adultas na Escola.
2. Estableceremos **grupos estables de alumnado**, con 25 alumn@s, que xunto a titora conformaran Grupos de Convivencia Estable cuxos membros poden socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersonal de forma estrita. Evitando a interacción con outros grupos do centro educativo.
3. Realizarse a entrada e saída graduada a Escola, con a entrada ao recinto por portas diferenciadas que permita evitar aglomeracións nas entradas e saídas.
4. Reducirase os desprazamentos de grupos de alumnos polo centro. **Circularan sempre pola dereita e acompañados.**
5. **Intentaremos a menor rotación posible do persoal e profesorado, organizando equipos estables de nivel e de aula para reducir os contactos.** Polo que determinadas especialidades serán **impartidas de forma bimodal.**
6. Priorizaremos na medida do posible **a utilización dos espazos ao aire libre** para a realización das actividades, educativas e de lecer. Desdobre en espazos abertos (horto, xardín, patio, patio pintado...)
7. Nas salas para uso de persoal , manterase a distancia interpersonal de polo menos 1,5 metros.
8. **As familias so entraran** na Escola para recoller aos seus fill@s en casos de necesidade. **Na Conserxería só cubriran o documento de saída en horario escolar.**

9. Para acceder a Escola deberán pulsar o timbre exterior.

10. Utilizarase a comunicación coas familias mediante abalar, mail, teléfono ,Cisco Webex e facilitaranse as xestións telemáticas.
11. Manteremos **determinadas titorías de familias presenciais** , mantendo a distancia, con máscara e desinfección de mans..
12. Realizarase só unha xuntanza por nivel ao inicio de curso, para a explicación do Plan de adaptación.
13. O persoal alleo a Escola , repartidores, empresas.. permaneceran fora da Escola e serán atendidos polo Conserxe.
14. O horario de atención ao público, secretaría, dirección ou DO será nun momento non coincidente coa saída ou entrada de alumnado.

3.2 MEDIDAS DE PREVENCIÓN INDIVIDUAL

1. Hixiene de mans de forma frecuente e meticulosa, durante polo menos 40 segundos con auga e xabón, e se non é posible pódese utilizar durante 20 segundos xel hidroalcohólico. **Estipulándose como mínimo cinco veces. Sendo fundamentais o lavado de mans a entrada, antes e despois de merendar e despois de acudir ao aseo e a volta do recreo.**
2. Xeraremos dinámicas para que o noso alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, cada vez que van o baño) ademais de medidas de educación sanitaria. **Nos baños teremos en baldas altas papel para secar as mans, xaboeiras e papeleiras. Iran ao baño a lavarse as mans sempre acompañados. Fomentar a responsabilidade individual eu cóidome estoute coidando. Procurarase na medida do posíbel ter dous adultos neses momentos.**
3. Dedicaremos un tempo diario ao recordo das pautas de hixiene e limpeza de forma lúdica.
4. Evitar tocarse o nariz, os ollos e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.

5. Ao toser ou esburrar, cubrir a boca e o nariz co cóbado flexionado.
6. Usar panos desbotables para eliminar secrecións respiratorias e tiralos tras o seu uso a unha papeleira con bolsa e tapa.
7. Teremos xel hidroalcohólico nas entradas e espazos comúns, e nas 9 aulas situadas en alto.
8. O persoal da Escola utilizara a máscara de maneira obrigatoria.
9. O noso alumnado **non ten a obriga de usar máscara**, pero as familias que así o decidan poderán mandar aos seus fillo con elas, garantindo que **son autónomos na xestión** da máscara, que a saben poñer e quitar correctamente. Debido a que a manipulación da máscara ten que ser de xeito individualizado non podemos garantir a correcta xestión coas medidas de seguridade desexables con 25 alumn@s.
10. O alumnado que decida usar máscara deberá **traer unha de reposto** na bolsa da merenda, dentro dun estoxo, **e se vai o comedor unha terceira** que só levará ao comedor en outro estoxo diferenciado.
11. As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan. **As portas dos baños retiráronse e as portas das aulas permaneceran entreabertas.**
12. Na Sala de profesores, Despacho cada usuario do equipo de traballo, será o responsábel da limpeza tras o seu uso. (Cadeira, ordenador, mesa, fotocopiadora...). Con aforo para catro persoas, debéndose respectar sempre.
13. Establecerase distancias mínimas de seguridade, de polo menos 1.5 metros, tanto nos accesos como nos espazos de atención ao público, para evitar a acumulación de persoas nas zonas de acceso, espera e atención ao público.

3.3 LIMPEZA, DESINFECCIÓN E VENTILACIÓN DA ESCOLA

3.3.1 Limpeza

O coordinador Covid manterá unha xuntanza ao inicio de curso co persoal de limpeza e O Conserxe para coordinar os traballos de limpeza ,ventilación e recollida de residuos.

1. Limpeza polo menos unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso, como no caso dos aseos onde será de polo **menos dúas veces ao día**.
2. Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, teléfonos, perchas, e outros elementos de similares características así como de billas elementos das cisternas e outros dos aseos.
3. Durante a xornada lectiva unha persoa do servizo de **limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente e no caso dos aseos de polo menos dúas veces** na xornada. En todo caso nos aseos existirá xaboeiras ou material de desinfección para ser utilizado polos usuarios voluntariamente.
4. Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recen preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso destes produtos sempre se respectarán as indicacións da etiquetaxe.
5. Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados **desbotaranse de xeito seguro**, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.

6. Deberá vixiarse a limpeza de papeleiras, (todas con bolsa interior e protexidas con tapa), de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental.
7. A porta das entradas, cancela asume a limpeza dos pomos **o Conserxe.**
8. Do mesmo xeito, realizarase unha limpeza e desinfección dos postos de traballo compartidos, en cada cambio de quenda, e ao finalizar a xornada, deixando que actúe o produto de limpeza, con especial atención ao mobiliario e outros elementos susceptibles de manipulación, sobre todo naqueles utilizados por máis dun usuario quen realizará ao finalizar o uso individual a limpeza dos elementos utilizados.
9. Cada usuario ao terminar de utilizar un ordenador e fotocopiadora de uso compartido, limpará a superficie do teclado, do rato e da pantalla con xel desinfectante.
10. Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans. **Durante a mañá os residuos serán depositados no exterior, bolsas pechada, xunto ao composteiro.**
11. Deberá vixiarse a limpeza de papeleiras, de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental. **Serán baleiradas polo Conserxe despois da merenda.**
12. **Control da limpeza: En cada baño existirá un modelo semanal no que se anotará ás horas en que se realizou. Responsabilidade da empresa Ferrovia.**

3.3.2 Ventilación

A tarefa de ventilación é unha das máis importantes e mentres podamos manter xanelas abertas debemos procurar facelo.

Deben realizar tarefas de ventilación frecuente nas instalacións:

1. Por espazo de polo menos **15 minutos ao comezo da xornada, abre o conserxe.**
2. **A saída** deixarase aberta coa persiana case baixa. **O Conserxe é o responsable.**
3. **Pola tarde** no momento da limpeza deben permanecer abertas.) (Limpiadora)
4. Manter as xanelas abertas o maior tempo posible. Un dedo a lo menos. **A responsábel será a titora.**
5. Os baños permaneceran abertos, igual que os corredores. (**Conserxe**)
6. **Os despachos e Sala de Profesores** abranse a entrada, recreo e saída.
(Orientadora//Directora)
7. Se un profesional presta asistencia no mesmo espazo con diferentes alumnos/ as de maneira consecutiva se desinfectarán as superficies utilizadas e se ventilará a sala polo menos 5 minutos tras cada sesión.
8. **Control da Ventilación: Dada a Instrución principal de manter aberta a maioría do tempo, non é viable ese control.**

3.3.3 Xestión de residuos

1. Os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue para o secado de mans ou para o cumprimento das medidas de hixiene respiratoria serán refugados en papeleiras con bolsa. **Haberá papeleiras nos baños e nas aulas. Nas aulas haberá dúas papeleiras para diferenciar dos restos, unha para os restos habituais da aula e outra para os panos desbotables.**
2. Todo material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) será depositado na fracción resto.
3. No caso de que un alumno/a ou unha persoa traballadora **presente síntomas** mentres se atope no centro educativo, será preciso **illaremos a papeleira** ou contedor onde

depositase panos ou outros produtos usados no espazo de uso individual onde se lle illou. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada **nunha segunda bolsa de lixo, con peche**, para o seu depósito na fracción resto. **O Responsábel desta papeleira será Coordinador Covid.**

- 4. O baleirado das papeleiras ao longo da mañá será realizado polo Conserxe ou o persoal da limpeza. (Levando esas Bolsas ao exterior)**

3.3.4 MATERIAL DE PREVENCIÓN

- **Nas entradas da Escola** dispomos de produtos de hixiene que permiten, tanto ao persoal do centro coma ao alumnado e usuarios dos espazos de atención ao público, realizar unha adecuada hixiene das mans.
- **Nas aulas**, en alto, un dispensador de xel hidroalcohólico, Rolo cociña, caixa panos, pulverizador de desinfectante e de auga con xabón.
- **Nas aulas haberá bolsas de emerxencia rotulada con máscaras infantil e máscaras de adulto por se algún alumn@ ou adulto presenta sintomatoloxía.**
- **Para os baños** dispomos de toallíñas de desinfección, papeleiras, xaboneiras e rolos de cociña para o secado de mans.
- Dispoñemos tamén de máscaras para o profesorado e para o alumnado (en caso de esquecemento, extravío ou deterioro puntual) e para a xestión dos abrochos que se detecten no centro educativo.
- Dispoñemos tamén de **tres termómetros de contacto**, situados nos tres botiquíns.
- Existen tamén luvas para accións puntuais de protección.

Determinación do sistema de compras do material de protección.

- As compras serán realizadas ao subministrador habitual de material hixiénico da Escola.
- A Escola arbitrará as medidas oportunas para que o inventario e contabilización dos custos deste material sexan individualizables respecto das restantes subministracións do centro, co obxecto de coñecer con detalle os sobrecostos derivados das medidas de prevención e hixiene ante o COVID-19 e vixiar o consumo axeitado do mesmo.

Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición.

- Corresponde ao equipo COVID, en colaboración coa secretaría do centro, distribuír ou organizar a distribución do material, levar a súa contabilización e inventario separado e certificar os consumos e gastos producidos.
- En canto **o profesorado detecte algunha necesidade avisará ao equipo Covid** para xestionar a súa solicitude a través da secretaría do centro. Nesta tarefa colaborará o Conserxe.

3.3.5 CARTELERÍA E SINALÉCTICA

- Nas cancelas de entrada estarán situadas toda a cartelería para facilitar as entradas con todas as medidas de seguridade.
- Dada a curta idade do noso alumnado non vemos necesario encher a escola de carteis que eles non poden interpretar. Iremos creando con eles a súa propia sinaléctica.

4.XESTIÓN DOS CASOS

Concienciar a toda comunidade educativa da importancia de non acudir con síntomas a Escola.

REGRAS PRINCIPAIS

- REALIZO A AUTOENQUISA A DIARIO, NON ACUDO A ESCOLA, CON POLO MENOS UN DOS SÍNTOMAS.
- TOMA DE TEMPERATURA DIARIA ANTES DE VIR A ESCOLA.
- ACTÚAR RÁPIDO.
- ILLARSE
- AVISAR SEMPRE AO EQUIPO COVID.

CONTROL DE SINTOMATOLOXÍA A DIARIO

1. **O persoal docente e non docente da Escola**, deberá realizar unha auto enquisa diaria de síntomas para comprobar, **no caso de que haxa síntomas, que estes son compatibles** cunha infección por SARS- CoV-2 mediante a realización da enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo I, que debe realizarse antes da chegada ao centro. A enquisa non ten que comunicarse a Escola, senón que deberase adoptar polo persoal dos centros educativos as medidas oportunas en función do resultado da auto avaliación **e comunicar ao centro a ausencia.**
2. Para a detección **precoz no alumnado**, estes (ou os seus pais/nais/titores/as legais) realizarán unha **auto avaliación dos síntomas de forma diaria** a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 cuxos resultados non teñen que enviarse ao centro, pero si **comunicar a ausencia.** Utilizarase a enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo I que debe realizarse, cada mañá, antes da chegada ao centro. Diante da aparición de **polo menos un dos síntomas** que aparece na enquisa **os proxenitores ou titores non enviarán ao alumno/a á clase e solicitarán**

consulta co seu médico ou pediatra.

3. No suposto de alumnado que poida ter a condición de vulnerable como consecuencia de patoloxías (agudas ou crónicas) que provoquen dependencia os criterios sanitarios que rexerán asistencia a clase ou, de ser o caso, a escolarización domiciliaria serán os que recomende médico ou pediatra.

COMUNICACIÓNS OBRIGATORIAS DE SINTOMATOLOXÍA OU DE CONFIRMACIÓN

1. Ante a aparición de sintomatoloxía compatible coa COVID (polo menos unha das relacionadas no anexo I) no persoal non docente e profesorado, **non acudirán ao centro** educativo e inmediatamente **darán coñecemento ao equipo COVID**. Como criterio xeral, **manterase en illamento** preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde ou de ser o caso cos facultativos da mutua. Serán estes facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran **manténdose o illamento ata coñecer o resultado da proba**.
2. No caso de que se detectase **sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a** e con algunha das persoas membros do equipo COVID. Para a xustificación da ausencia, non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.
3. O centro educativo informará, explicitamente e con confirmación de recepción da información, aos pais, nais e outras figuras parentais, ou ao alumnado maior de idade, de que o alumnado con calquera sintomatoloxía aguda non pode acceder ao centro

educativo.

4. Porén a medición de temperatura ou a avaliación doutros síntomas compatibles coa COVID-19 será realizada no seo da familia de forma diaria antes de acudir pola mañá ao centro escolar.

ANTE A DETECCIÓN DE SÍNTOMAS COMPATIBLES CON INFECCIÓN POR SARS-COV-

1. Nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, **contactarase coa súa familia** ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade. Unha persoa da familia **solicitará consulta telefónica co seu pediatra** ou o seu facultativo que valorará a consulta presencial e a solicitude dunha proba diagnóstica.
2. Habilitase o **Despacho de Dirección** como espazo específico de uso individual no centro para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado. Este espazo ten ventilación adecuada, xel hidroalcohólico, papeleira de pedal e panos desbotables, luvas e bolsas de lixo.
3. Se algunha persoa do núcleo familiar **é sospeitosa de padecer a COVID-19**, o alumnado ou o persoal do centro que convivan con elas non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo A persoa afectada ou a súa familia

ALUMNADO	
REALIZO AUTOENQUISA E TOMA DE TEMPERATURA ANTES DE SAÍR DA CASA.	SE TEÑO SÍNTOMAS OU FEBRE: <ul style="list-style-type: none">- NON ACUDO A ESCOLA.- CHAMO AO MEU CENTRO DE SAÚDE.- AVISO AO WHATTSAPP DO EQUIPO COVID- NOME ALUMNO/A- CURSO- PROFESORA

comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

PERSOAL DA ESCOLA	
REALIZO AUTOENQUISA E TOMA DE TEMPERATURA ANTES DE SAÍR DA CASA.	<u>SE TEÑO SÍNTOMAS OU FEBRE:</u> - NON ACUDO A ESCOLA. - CHAMO AO MEU CENTRO DE SAÚDE. - AVISO AO WHATTSAPP DO EQUIPO COVID - GRUPO PERSOAL 20-21. NOME E APELIDO.

Dende a Consellería de Educación habilitarase unha canle informática, denominada **“EduCovid”**, específica para a comunicación dos datos básicos dos contactos estreitos dos posibles casos confirmados. A información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria e utilizarase para que o Centro de Seguimento de Contactos alerte da existencia de casos positivos confirmados no centro.

A canle informática subministrará de xeito seguro e con respecto á normativa de protección de datos os seguintes fluxos de información:

- No caso de comunicación ao centro educativo por parte do seu persoal ou de algún alumno/a da aparición dun caso confirmado, o equipo COVID do centro incluírá a información dos contactos estreitos do afectado/a, entre eles o compañeiros/as de aula, os mais próximos dentro da mesma e o profesorado que imparte clase nese grupo, os compañeiros/as do transporte e do comedor escolar, os compañeiros do transporte particular no que viaxan varios nenos do centro, así como aquela información sobre outros contactos vinculados ao centro educativo que poidan achegar voluntariamente os pais, nais ou titores/as legais. O rastrexo doutros eventuais contactos doutros ámbitos, incluídos os das actividades extraescolares terán que ser recollidos polo SERGAS. A mesma información será remitida cando o CSC, o SERGAS ou a xefatura

territorial da consellería de Sanidade solicite información no caso de que exista casos sospeitosos por

- o sintomatoloxía compatible con COVID 19 que estean a ser investigados ou nos que existan indicios de que teñan xurdido no centro educativo.
- o No caso de que o Centro de Seguimento de Contactos (CSC) teña confirmación dun caso positivo dunha persoa que sexa alumno/a dun centro escolar ou dun profesional que traballe no mesmo, incluírá a información na aplicación informática onde solo resultara visible para o equipo COVID do centro escolar.
- o A base de lexitimación legal para o intercambio de datos ten como fundamento o interese xeral na protección da saúde, polo que os datos do alumnado subministrados con consentimento dos representantes dos menores que obra nas bases de datos da Consellería de Educación poderán ser subministrados á autoridade sanitaria en cumprimento do deber de colaboración.
- o O equipo COVID de cada centro ten a obriga de segredo profesional sobre os datos sobre os que teña coñecemento por mor da aplicación do presente protocolo.
- o Para os efectos do protocolo para a prevención e control do absentismo escolar e do número máximo de faltas de asistencia permitidas, as ausencias comunicadas derivadas da aplicación das anteriores medidas consideraranse sempre xustificadas, non sendo preciso o xustificante do facultativo para a súa acreditación.

4.1 Xestión dos abrochos.

1. Non asistirán a Escola aqueles alumnado, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centro as persoas en espera de PCR.

2. **Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 na Escola seguiremos un protocolo:**

- Levarase a un espazo separado de illamento, **Despacho Dirección**.
- Se é un alumn@, irá con el ao espazo de illamento, **a persoa que detectou a sintomatoloxía**, colocaráselle unha máscara cirúrxica de nen@ e o adulto outra, e que quedará ao seu coidado. **Ao saír da aula levará todas as pertencías do alumn@.**
- Contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. **Teléfonos e listaxes corcheira dirección**
- **A familia será a que debe chamar** ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións.
- En caso de presentar **síntomas de gravidade** ou dificultade respiratoria chamarase **ao 061**.
- **O/A traballador/a** que inicie síntomas debe **abandonar** o seu posto de traballo protexido por máscara cirúrxica, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
- Despois de abandonar a aula, do posíbel caso, debese ventilar e inclusive saír un tempo co resto do alumnado. Avisar para proceder a limpeza.

3. De confirmarse o positivo o EQUIPO COVID DA ESCOLA comunicara ao EQUIPO COVID-ESCOLA **do centro de saúde de referencia**.

4. **No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita**, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo Covid da Escola **incluírá na aplicación informática** a información prevista do eventual afectado/a; os que teñan a consideración de contactos estreitos, os dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen poida ser unha persoa próxima que estea vencellada ao centro educativo. A aplicación xerará unha alerta

no Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Cando o fluxo de información proceda da autoridade sanitaria incorporárase a mesma información.

5. **A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica.**
6. Tras a aparición dun caso confirmado da Covid 19 seguiranse as instrucións da Autoridade Sanitaria.

4.2 Escenarios no suposto dos gromos

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade D.O.G. do 20 de agosto de 2020, cos seguintes supostos:

- Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera alumno, ou profesional do centro educativo, profesor ou outro traballador que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia <2 metros ao redor do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.
- As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado (cunha obriga de **illamento durante 10 días**) deberán entrar en corentena, estando corentenados nos seus domicilios e suspenderán mentres dure este a ensinanza **presencial polo un período de 14 días**. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselle unha proba de COVID nun prazo non superior a 48 horas

para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por COVID-19.

- o En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo. A medida será proposta pola Autoridade Sanitaria dentro do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia, previsto no punto 10.1 deste protocolo.

4.3 MEDIDAS QUE AFECTAN ÁS CONDICIÓNIS LABORAIS

- Atendendo ao apartado 9 do protocolo de adaptación ao contexto da covid 19 nos centros de ensino non Universitario de Galicia para o curso 2020-2021 a persoa solicitante do suposto de vulnerabilidade entregará á persoa que exerza a dirección do centro o anexo debidamente cuberto xunto coa documentación que deba achegar. Esta documentación poderá entregarse de xeito presencial ou enviándoa ao correo da Escola. (Anexo III). Acudindo a Escola mentres se tramita.
- Unha vez revisada e rexistrada, esta documentación será enviada vía mail á xefatura territorial correspondente, en espera da resolución da mesma.
- Se procede, tramitarase a solicitude de persoal substituto na aplicación persoal centros reflectindo no apartado observacións a casuística.

5 . MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

Este curso o fundamental e a flexibilidade e adaptabilidade a cada nova circunstancia, debendo ser os adultos o exemplo. Modificaremos aquilo que sexa preciso despois de probar e valorar. Ademais terase en conta cada nova decisión das autoridades sanitarias.

A ESIXENCIA DA RESPONSABILIDADE PERSOAL

PUNTUALIDADE

CUMPRIR AS NORMAS

5.1 – EQUIPO COVID

MEMBROS DO EQUIPO COVID

ANA MALVAR CORTIZO	amalvar@edu.xunta.gal	Coordinadora
ANA M ^o AMOEIRO ESPAÑA	anaamoeiro@edu.xunta.gal	Secretaría
MARÍA MARTÍN -ESPERANZA	mariamartin-esperanza@edu.xunta.gal	Subcoordinadora

CANLE DE COMUNICACIÓN

Teléfono equipo Covid-66179257

INCIDENCIAS COVID- WHATSAPP

FUNCIÓNS

Coordinadora do equipo covid :

1. Manter a comunicación cos diferentes órganos da Consellería.
2. Control dos listados do alumnado e profesorado. Situados na corcheira de dirección.
3. Xestión de abrochos en coordinación coa subcoordinadora.
4. Comunicar os datos básicos de contactos estreitos a canle informática “ EDUCOVID”

5. Comunicación das incidencias as autoridades sanitarias e educativa.
6. Control da limpeza e ventilación en coordinación co persoal que a realiza.
7. Garantir a difusión da información a comunidade educativa.
8. Manter informado ao Consello Escolar.
9. **Control dos avisos en caso de sintomatoloxía. A comunicación será a través do móbil Covid , as familias deberán poñer : nome do alumno , curso, profesora e sintomatoloxia.**
10. **O persoal do centro informará pola mesma canle Whatsapp, pero ao grupo persoal 20-21.**

Subcoordinadora

1. Xestión de abrochos en coordinación coa coordinadora.
2. Comunicación das incidencias as autoridades sanitarias e educativa.
3. Xestión das peticións nos supostos de vulnerabilidade.
4. Control de faltas do profesorado e alumnado. O control das faltas do profesorado en xade, sendo a responsábel a Xefa de Estudos. O control das faltas do alumnado serán as titoras levando o rexistro en Xade.
5. **Control dos avisos en caso de sintomatoloxía. A comunicación será a través do móbil Covid , as familias deberán poñer : nome do alumno , curso, profesora e sintomatoloxia.**
6. **O persoal do centro informará pola mesma canle Whatsapp, pero ao grupo persoal 20-21.**

Secretaría

1. Rexistro e inventario do material do que dispón o centro. (Tabla de excel contabilidade)
2. Xestionar as compras do material de protección, mantendo un control para non quedar sen

existencias. (Provedores da zoa)

3. A distribución e entrega de material Cadro anexo

4. Controlar a reposición de xel, xabón, papel e botiquín en colaboración **co Conserxe.**
5. Colocar a cartelería e sinaleptica.

En caso de ausencia de algún dos membros as súas funcións serán asumidas polos outros membros.

Sendo suplentes :

M^a Jesús Fernández Rodríguez

M^a Pilar Buceta Fernández

Begoña Rodríguez Besada

5.2 DETERMINACIÓN DOS GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA E MEDIDAS ESPACÍFICAS

Estableceremos **9 GEC**, que corresponden **coas 9 titorías**, cuxos membros poden socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersoal de forma estrita. Evitando a interacción con outros grupos do centro educativo, limitando ao máximo o número de contactos, o que non faría necesario gardar a distancia interpersoal.

GRUPOS DE CONVIVENCIA ESTABLES

CURSO	GRUPO	Nº	AULA	TITORA	PROFESORES ASIGNADOS	COIDADOR/A
4º	A	75	1	Este Ojea Caneda	Vanesa Diz	Álvaro Estévez
4º	B	75	9	María González Pintos	Vanesa Diz	Sonia Domínguez
4º	C	75	4	Susana Santos Glez.	Vanesa Diz	Eva Cal
5º	A	75	2	Carmen Gómez Pérez	María Martín Fabiola Cintrón	
5º	B	75	8	Beatriz Sánchez	Francisco Rey Fabiola Cintrón	
5º	C	75	6	Begoña Rodríguez	Pilar Rdz Fabiola Cintrón	
6º	A	75	7	Mª Jesús Fernández	Roberto Cousido	Sonia Domínguez
6º	B	75	3	Ana Amoeiro España	Roberto Cousido	Álvaro Estévez

6º	C	75	5	Pilar Buceta Fdez.	Roberto Cousido	Eva Cal
----	---	----	---	--------------------	--------------------	---------

- **En setembro, modificándose pouco a pouco**

➤ **MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA OS GRUPOS DE CONVIVENCIA**

Intentaremos a menor rotación posible do persoal e profesorado, organizando equipos estables de nivel e de aula para reducir os contactos. Polo que determinadas especialidades serán impartidas de forma bimodal.

Limitaremos o contacto do profesorado cos diferentes grupos clases non só para preservar ao alumnado senón para evitar na medida do posible que en caso de xurdir abrochos **que o número de profesorado en corentena sexa o mínimo posíbel.**

Durante o mes de setembro realizaremos o período de adaptación en 3 anos como ven sendo habitual, pero ademais este curso en 4 anos e 5 anos ao longo do mes de setembro o alumnado permanecerá na aula coa titora e apoio en determinados tempos, adaptándose as novas normas ,realizando a avaliación inicial, e traballando a unidade 0 “O reencontro”.

En outubro comezaremos a impartir as especialidades de maneira presencial, formando equipos estables. Valoraremos **como continuar en Novembro** tendo en conta os datos epidemiolóxicos e a adaptación do alumnado e profesorado as novas normas. Iremos aumentando as propostas de actividades segundo vaiamos valorando.

Ao estar en moitas sesións dúas persoas na aula, e aproveitando o bo tempo, realizaranse desdobres do grupo de maneira coordinada entre o apoio e a titora para realizar actividades no exterior de carácter lúdico e educativo.

Eliminarase ao máximo os materias das aulas e aqueles xogos e xoguetes de difícil desinfección.

Formaremos grupos de traballo cooperativos estables, **de un máximo de 5 alumn@s** estando entre os equipos a unha distancia de 1,5 metros.

No traballo de recantos os materias serán distribuídos individualmente e logo quedaran en illamento 24 horas.

Na Educación Infantil o xogo, manipulación son fundamentais intentaremos en todo momento manter estes principios pero con máis medidas de seguridade.

5.3 HORARIOS

Estes serán moito máis complicados que nos cursos anteriores o que esixira un compromiso por parte de toda a comunidade escolar de puntualidade e o seu cumprimento serán fundamentais en todo momento. Evitaranse a aglomeracións de familiares procurando unha entrada e saída gradual e áxil.

5.3.1 ENTRADAS E SAÍDAS

Co obxecto de evitar aglomeración de alumnado e familias, considerando o reducido espazo do que dispón a Escola para protección nos días de choiva, establecemos os seguintes criterios:

➤ **ENTRADAS**

Serán de maneira gradual e por GEC, utilizando dúas cancelas de acceso ao centro, en diferentes franxas horarias, **iniciándose ás 9,00h** . O alumn@ que non chegue na súa hora deberá **agardar ás 9,20 h** para acceder a Escola pola cancela principal.

As cancelas terán os dous panos abertos ,igual que as portas, sendo función do Conserxe abrílas e pechalas.

Haberá **tres profesores de garda de entrada**, con unha asignación de fila determinado, acompañaran ao alumando a aula, evitando en todo momento que podan cruzarse con outros grupos. As titoras permaneceran nas aulas.

Quedando pendente a entrada dos madrugadores que será única e ao principio.

Os familiares poderán acceder só ata o límite de inicio do cuberto, nos días de choiva.

➤ **SAÍDAS**

Serán de maneira gradual e por GEC, utilizando as dúas cancelas da Escola, en diferentes franxas horarias, iniciándose ás 14,00.

As cancelas terán os dous panos abertos , igual que as portas, sendo función do Conserxe abrilas e pechalas.

A saída nos días de choiva serán de grupo en grupo utilizando as dúas cancelas e os pais acedarán ata o límite do cuberto.

A saída ao comedor será as 13,55 h

Teremos un horario en setembro e outro para o curso. En setembro daremos 10 minutos a cada nivel, para logo dar só 5 minutos, a intención e axilizar ao máximo a entrada para que nos días de choiva o alumado e as familias non teñan que permanecer tanto tempo ao descuberto.

➤ **HORARIO SETEMBRO**

En setembro serán as titoras as encargadas da recepción, daremos 10 minutos e a partir do mes de outubro pasaremos a 5 minutos e formaran as filas os profesores asignados.

9,00- 9,10	5 ANOS A	5 ANOS B	5 ANOS C
9,15-9, 20	4 ANOS A	4 ANOS B	4 ANOS C

➤ **HORARIO CURSO**

En tres anos manteremos 10 minutos de entrada.

9,00- 9,05	5 ANOS A	5 ANOS B	5 ANOS C
9,05-9, 10	4 ANOS A	4 ANOS B	4 ANOS C
9,10- 9,20	3 ANOS A	3 ANOS B	5 ANOS C

➤ **DISTRIBUCIÓN POR CANCELAS**

Teremos dous accesos : **Cancela principal, cancela nova.**

3 ANOS A- ----- CANCELA PRINCIPAL- VÍA DO TREN- RAMPA

3 ANOS B ----- CANCELA NOVA- POLA RAMPA

3 ANOS C- ----- CANCELA NOVA- POLA ESCALEIRA

4 ANOS A- BEA- CANCELA PRINCIPAL- VÍA DO TREN- RAMPA

4 ANOS B – CARMELA- CANCELA NOVA- POLA RAMPA

ANOS C- BEGOÑA- CANCELA NOVA- POLA ESCALEIRA- AGARDAN

5 ANOS A- CHUS- CANCELA PRINCIPAL- VÍA DO TREN- RAMPA

5 ANOS B – ANITA- CANCELA NOVA- POLA RAMPA

5 ANOS C- MAIPI- CANCELA NOVA- POLA ESCALEIRA

5.3.2 MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS

Sairán ao recreo as **9 zoas marcadas por GEC**, rotaremos de zoa no sentido das agullas do mensualmente. Tamén saíran e entraran de maneira gradual. Con asignación de portas segundo zoa de recreo.

A vixancia dos recreos será por zoas en quendas especificados na PXA. No mes de setembro reforzarase cada zoa con dous profesores.

Xogaran cos materias e xogos da zoa de patio correspondente, xa que son GEC.

➤ **PATIOS DÍAS DE CHOIVA**

Sairemos ao cuberto nas seguintes franxas horarias, en GEC.

3 anos de 10,40 a 11,20 en grupo clase 10 minutos. Coordinado entre as titoras.

4 E 5 ANOS O PATIO CUBERTO DIVIDIDO EN DOUS 15 MINUTOS

11,25-11,40	4 anos A/C
11,45-12,00	4 anos B/5 anos A
12,05-12,20	5 anos C/5 anos b

➤ **XOGOS DIRIXIDOS**

De **13,00 a 13,40** poderán saír ao patio a xogar na súa zoa asignada o alumnado de 3, 4 e 5 anos, que en ese momento non teña unha especialidade.

➤ **TRANSITO POR CORREDORES**

Será sempre pola dereita, acompañados e seguindo as sinais.

5.3.3 USO DOS BAÑOS

Os baños serán asignado por GEC, e acudirán no horario establecido e coordinado polas usuarias dos baños do mesmo corredor. O baño das profesoras poderá ser usado polo alumnado en caso de emerxencia.

o baño asignado para o público externo será o baño de profesoras do corredor 4 e 5.

BAÑO CORREDOR AULAS 1-3	PORTA ROSA AULA 1	PORTA AZUL AULA 2- 3
BAÑO CORREDOR AULAS 4-5	PORTA ROSA AULA 4	PORTA AZUL AULA 5
BAÑO CORREDOR AULAS 6-8	Minsv AULA 6/7	PORTA AZUL AULA 8
Aula 9	Baño aula	Urxencias baño profesoras
Persoal alleo	Baño profesoras	Corredor 4/5

5.3.4 MERENDA

Merendaran na aula de xeito individual, lavaran as mans antes e despois da merenda , e estarán sentados no seu lugar habitual. A bolsa da merenda estará na súa cadeira en 4 e 5 anos, en 3 anos reparte a profesora.

Limparanse as mesas antes e despois da merenda.

5.3.5 DISTRIBUCIÓN HORARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9,00- 9,20	ENTRADAS	ENTRADAS	ENTRADAS	ENTRADAS	ENTRADAS
9,20 - 10,00					
10,00 -10,40					
10,40 -11,20					
11,20-11,50	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
11,50-12,15	Merenda/ Hora ler	Merenda/ Hora ler	Merenda/ Hora ler	Merenda/ Hora ler	Merenda/ Hora ler
12,15-12,55					
12,55-13,40	XOGOS				
13,40-14,00					
14,00- 14,15	SAÍDA	SAÍDA	SAÍDA	SAÍDA	SAÍDA

Dadas as novas circunstancias ante os diversos escenarios, nos horarios priorizaremos a seguridade e a atención as medidas do protocolo

5.4 ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS DA ESCOLA

➤ USO PATIO CUBERTO

Terá un horario asignado ao inicio de curso, non podendo coincidir nin en recreos nin no tempo de xogos dirixidos. Tamén será o espazo de psicomotricidade.

➤ BIBLIOTECA

Este curso ao estar nunha zoa de paso non a usaremos, os libros para a hora de ler e de contar historias estarán na aula e o préstamo esperaremos a novembro para organizalo.

➤ **SALA DE PROFESORES**

Aforo de máximo de 4 persoas, o uso será despacho de DO , profesora de inglés e Secretaria. De ter que recibir a unha familia será utilizado tamén pola Orientadora, sempre atendendo as medidas de distancia e hixiénicas.

➤ **DESPACHO DE DIRECCIÓN**

Ante a inesistencia dun espazo exclusivo como zona illamento, vémonos na obriga de utilizar o despacho de dirección, xerando isto máis dificultades para as labores de Dirección.

Aforo dúas persoa. Sala de illamento.

➤ **ESPAZOS EXTERIORES**

Serán utilizados de maneira coordinada e con horarios.

- Horto
- Xardín
- Patio
- Patio pintado

➤ **DESPACHO AL/PT**

Atendendo aos grupos estables de convivencia, faranse grupos homoxéneos e estables cun máx. de tres alumnos/as por quenda. Colocarase unha pantalla de illamento entre profesorado e alumnado para o traballo específico. Garantindo as medidas recomendadas de protección, hixiene , desinfección e ventilación. Só será utilizado para a atención ANEAE.

➤ **CAFETEIRA**

Nas escaleiras, uso individual.

Cabe sinalar que a falta de espazos fai que o profesorado e o Equipo Directivo non teña ningún lugar para traballar de unha maneira minimamente axeitada. A Sala de profesores convertida en despachos ,con un aforo de catro persoas, e o Despacho de Dirección en Sala de illamento. Tampouco fomos quen de conseguir un aula modular portátil, solicitada a Consellería nun escrito

O 29 DE XUÑO, polo que seguimos sen poder impartir Relixión e a súa alternativa. Nese escrito tamén se pediu a visita da Unidade Técnica para búsqueda de solucións as nosos espazos ao límite de ocupabilidade.

5.5 MEDIDAS EN RELACIÓN CO PROFESORADO

Corresponde ao profesorado manter unha conduta exemplarizante no cumprimento das medidas de protección, ademais, de acordo coas capacidades do grupo, aproveitarase calquera contido para inculcar no alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas. **A puntualidade nos movementos internos da Escola serán fundamentais. O horario de entrada do profesorado será ás 8,50h e a saída 14,15h.**

- Todas **as reunións do profesorado** realizaranse cumprindo as normas de protección e o aforo dos locais, cando non sexa posible deste xeito usaranse medios telemáticos. Usaranse segundo o nº de profesorado diferentes espazos da Escola.
- Nas sesións que se celebren a distancia garantirase a identidade dos membros que participen mediante a identificación a través da cámara web. Os asistentes que non dispoñan de cámara web farano mediante o envío do código numérico da reunión ao correo electrónico do centro. O contido das súas manifestacións e o sentido do seu voto garantirase mediante os apuntamentos previos á acta recollidos polo secretario. A estes efectos considérase validamente emitido o voto formalizado na propia sesión da videoconferencia ou o emitido por correo electrónico.

Agás nos casos nos que resulte imposible pola necesidade de cumprir prazos perentorios, as convocatorias serán remitidas aos membros do órgano colexiado a través de medios electrónicos, facendo constar na mesma a orde do día, a documentación da mesma e un documento no que se poida formalizar para cada un dos puntos por separado o senso das votacións, se for preciso.

O profesorado deberá estar atento o seu mail corporativo.

FUNCIÓN DO PROFESORADO

- **Manter as xanelas das aulas abertas o maior tempo posíbel.**
- **Control do lavado das mans do seu grupo asignado.**
- **Realizar a auto enquisa a diario, Non acudir enfermos, Avisar sempre ao Equipo Covid.**
- **Fomentar o uso dos espazos externos.**

5.6 MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS

➤ **ORIENTADORA.**

A atención a alumnado, familias e profesorado organizarase, considerando a necesidade de espazo en función dos asistentes, ben na propia sala ou ben noutros lugares do centro que poidan estar dispoñibles. En todo caso garantíranse as medidas recomendadas de protección, hixiene e desinfección.

➤ **TITORÍAS COAS FAMILIAS.**

Nas reunións de titoría manteremos algunhas de maneira presencial con a asistencia de un só membro e garantindo a distancia de seguridade ou o emprego de máscara e a dispoñibilidade de produtos de hixiene e desinfección. Outras comunicacións por teléfono, abalarMóbil ou videochamada.

Para a organización das titorías individuais coas familias, graduaremos o seu horario, recibiremos só unha familia nas tardes do martes co seguinte horario:

- 18,15 h- 3 anos
- 18,30 h – 4 anos
- 18,45 h – 5 anos

Utilizarase como mecanismo de comunicación xeral coas familias e persoas alleas ao centro, a

páxina web, teléfono, correo electrónico e abalarMóbil.

5.7 MEDIDAS EN RELACIÓN COAS ANPAS

PROGRAMA DE MADRUGADORES E COMEDORES

Nos programas de madrugadores e comedores seguirase o protocolo ordinario co engadido das prevencións en materia de consumo de alimentos.

As medidas e determinacións que figuren no plan deberán ser coordinadas coa ANPA ou concello que preste ou organice o servizo e incorporaranse ao presente Plan.

REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES FORA DA XORNADA LECTIVA.

A realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva dentro do recinto do centro educativo, sexan organizadas pola ANPA do centro ou polos concellos, está condicionada á aprobación dun protocolo que se integrará como anexo no “Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021”. O dito protocolo determinará as medidas de prevención e protección fronte ao COVID e determinará con claridade as responsabilidades das persoas organizadoras ou xestoras.

DETERMINACIÓNS PARA AS XUNTANZAS DE ANPAS E CONSELLO ESCOLAR.

As actividades das **ANPAS celebraranse preferentemente por medios telemáticos** evitando en todo caso a xuntanzas que supoñan un número elevado de persoas.

Os Consellos Escolares poderán realizarse de forma presencial , de xeito telemático ou mixto. Atenderase ás circunstancias persoais, á evolución da pandemia e á súa incidencia na zona.

Recoméndase non realizar eventos ou celebracións con grande afluencia de persoas. No caso de ter que realizarse cumpriranse estritamente as medidas de prevención, distanciamento e aforos.

6. INFORMACIÓN E DISTRIBUCIÓN DO PLAN

- Faremos **xuntanzas informativas presenciais** para a explicación do Plan as familias , cumprido cos aforos e medidas hixiénico sanitarias, igual que con o profesorado.
- O profesorado o recibira por mail e será subido a WEB na versión final.
- **Elaboraremos un díptico con normas claras**, tanto para as familias como para o profesorado.
- Manterase tamén xuntanzas co persoal non docente e co persoal de limpeza.

7. MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO


1. Ao longo do curso e de maneira transversal intensificaremos a educación en saúde.
2. Empregaremos todas as canles de comunicación web , abalar para a información de relevancia.
3. Acudiremos as charlas informativas sobre medidas sanitarias.
4. O Coordinador e os membros do Equipo Tics, do curso pasado dada a súa experiencia no ensino virtual, serán os encargados da formación ao resto do profesorado, subir contidos a Web, edición de vídeo...
5. Adicaremos as tardes do mes de setembro a preparar o ensino virtual.
6. Os diferentes equipos docentes da Escola pasaran a formar parte do equipo Tics e traballaran de maneira coordinada para facer máis efectiva a preparación das actividades virtuais.
7. Iniciaremos o curso cunha **unidade 0** , traballando como fío condutor a parte emocional, **volvémonos ver**, pechar o curso pasado, evidenciar o que viviron, enfrontarse ao medo. Idea un portfolio de volta onde gardaremos o vivido. Dando unha importancia máxima ao reencontro, socialización e cooperación. Cunha atención máxima ao grupo de alumnado vulnerable: discapacidade, social,saúde, conciliación.

Para concluír analizando todas as medidas de prevención hixiénico sanitarias que debemos levar acabo con 225 alumn@s, de tan curta idade, con pouca autonomía nestes procesos sempre dependentes da supervisión e axuda dun adulto para poder levalo a cabo consideramos que sería necesario contar con máis persoal.

Fotos aula:



Foto patios:



ANEXO I. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas **solicite consulta no seu centro de saúde.**

<i>Presentou nas últimas 2 semanas?</i>		<i>SI</i>	<i>NON</i>
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		<i>SI</i>	<i>NON</i>
Tivo <i>CONTACTO</i> nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		
<i>CONVIVIU</i> nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		